



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E NOMEAMENTO CON CARÁCTER DEFINITIVO DO TRIBUNAL NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (EN PRÁCTICAS), DUN TÉCNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DENTRO DO PROGRAMA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” no marco do Plan de Fomento de Empregabilidade na Provincia de Pontevedra

ANTECEDENTES.

- *Proposta de incoación do expediente de contratación de persoal, asinado con data 29.07.2019, da Concelleira Delegada de Economía, Emprego, Normalización Lingüística e Turismo*
- *Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación Laboral temporal (En prácticas) dun Técnico Superior de actividades Físico -deportivas no Concello de Bueu, dentro do programa “O teu Primeiro Emprego”, no marco do Plan de Fomento de Empregabilidade na Provincia de Pontevedra, cofinanciado pola Exma. Deputación Provincial de Pontevedra.*
- *Resolución de Alcaldía 2019-1111 de data 01.08.2019 de aprobación das Bases da convocatoria*
- *Resolución de Alcaldía 2019-1132 de data 07.08.2019 de Rectificación da Base Sexta das Bases de convocatoria, en canto o prazo para presentar solicitudes ata o 23 de Agosto de 2019*
- *Resolución de Alcaldía 2019-1218 , de aprobación provisional de admitidos e excluidos e nomeamento do Tribunal*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

A base SEXTA RECTIFICADA, das Bases da convocatoria establece que as solicitudes presentaranse por parte dos titulados de formación profesional, neste caso, de ciclos superiores sen experiencia laboral previa que sexan preseleccionados polo servizo público de emprego, con data límite o 23 de Agosto, no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, a través da sede electrónica ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

A base 7.2 establece que finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase o listado provisional de admitidos e excluidos, así como o motivo de exclusión, de ser o caso. A partir de aquí haberá un prazo de DOUS DÍAS HÁBILES para a enmenda de documentación, logo publicarase o listado definitivo.

Esta resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na súa páxina web (<https://concellodebueu.gal/> e) e no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica do Concello de Bueu.

No mesmo prazo de DOUS DÍAS HÁBILES poderán solicitar a recusación dos membros do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Visto que no período de exposición ó público mediante inserción de anuncios no Taboleiro de anuncios da casa do Concello, na súa páxina web, e no taboleiro de anuncios electrónico da Sede electrónica do Concello de Bueu, non constan que se presentaran alegacións á devandita relación provisional de admitidos e excluídos, como tampouco constan recusacións ó tribunal.

Á vista dos antecedentes e as consideracións legais e técnicas expostas, esta Alcaldía, de acordo coas facultades orixinariamente atribuídas segundo disposto no artigo 21, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, coas modificacións introducidas a ésta, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local e resto da normativa concordante,

RESOLVO:

1. Admitir definitivamente aos aspirantes que solicitaron participar neste proceso selectivo, en canto declaran que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases, que se indican no anexo I.

2. Nomear definitivamente o Tribunal cualificador que xulgará este proceso selectivo e os seus suplentes:

Presidente:

Titular: Marcos Vázquez Campaña (Interventor Municipal no Concello de Bueu)

Suplente: José Ramón Núñez Iraola (Bibliotecario Municipal)

Secretaría:

Titular: Angela María Agulla Cabodevila, Auxiliar Administrativo no Concello de Bueu

Suplente: Nuria Lobato del Río (Secretaria Xeral do Concello de Bueu)

Vogais:

Titulares:

Belarmino Barreiro Rosales (Bibliotecario Municipal)

José Francisco Budiño Pereira (Xefe de Negociado do departamento de Estatística e Rexistro no Concello de Bueu)

María Dolores Loira Rodríguez (Traballadora Social no Concello de Bueu)

Suplentes:

Jaime Sixto García (Adxunto á Tesourería no Concello de Bueu)

Araceli C. Pérez Morán, Xefa de Negociado do departamento de Intervención no Concello de Bueu

Marina Sanjuán Núñez, Xefa de Negociado do Departamento de Urbanismo no Concello de Bueu.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto.

O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público, para o que disporán de tres días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta resolución na





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Páxina Web do Concello <https://concellodebueu.gal/> e no Taboleiro de anuncios electrónico do mesmo.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015, dispoñendo dun prazo de tres días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na Páxina Web do Concello <https://concellodebueu.gal/> e no Taboleiro de anuncios electrónico do mesmo.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

O Tribunal constituirase o LUNS 2 de Setembro de 2019 ás 10.00 horas , ós efectos coa mesma data, de celebrar o concurso de méritos de conformidade co recollido nas Bases de convocatoria, e no Anexo V das Bases reguladoras do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O Teu Primeiro Emprego" nos Concellos, publicadas no BOP de 15.05.2019

3- Ordear a publicación desta Resolución co seu contido literal

ANEXO I

Aspirantes Admitidos Provisionalmente

- FERNÁNDEZ PAZ, GUILLERMO
- PIÑEIRO MARTÍNEZ, MARIA
- RODRÍGUEZ MARTÍNEZ ANTONIO
- SEIJAS CHAPELA, CELESTE

Aspirantes excluidos Provisionalmente

NON HAY ASPIRANTES EXCLUIDOS

Renuncias Presentadas

- MALVIDO GONZÁLEZ, IAGO

